

Unidade 2:

A organización política e territorial de España

1. Introducción

Despois da Guerra Civil (1936-1939) estableceuse en España unha ditadura de carácter persoal encabezada polo xeneral Francisco Franco, denominada franquismo ou época franquista, que durou ata a súa morte, acontecida no ano 1975. A partir dese momento tivo lugar un proceso de transición política polo que **España accedeu a un réxime democrático**.

A **Transición** caracterizouse pola superación pacífica da ditadura e a instauración dun sistema baseado na soberanía popular, o respecto aos dereitos humanos e a descentralización do poder. A transición foi posible grazas á vontade de **consenso entre distintas forzas políticas e sociais**, e supuxo un exemplo recoñecido a nivel internacional de cambio político sen violencia.

2. Características do sistema político español actual

A actual **Constitución Española foi aprobada no ano 1978** por consenso de todas as forzas políticas representadas no Parlamento e posteriormente polo pobo español no referendo celebrado o 6 de decembro dese ano. A partir dela podemos sintetizar as características máis salientables do sistema político español actual:

2.1. Monarquía Parlamentaria

A **Monarquía** é un sistema de goberno no que o máximo representante, o monarca, rei ou raíña, ten o poder con carácter vitalicio e transmíteo por herdanza. En España, en 1975 restaurouse a dinastía dos Borbón na figura de Xoán Carlos I. Despois de abdicar no ano 2014, o actual monarca é o rei **Felipe VI** e a herdeira é a súa filla Leonor, que ten o título de Princesa de Asturias.

A **Monarquía Parlamentaria é un tipo de monarquía na que o xefe do Estado (rei ou raíña) reina pero non goberna**. As súas funcións son representar ao Estado nas súas relacións con outros países e ser árbitro ou moderador entre as distintas institucións, pero non exerce o poder executivo nin o lexislativo nin o xudicial.

No caso concreto da Monarquía Española, o rei tamén exerce funcións simbólicas, como a

presidencia de actos oficiais ou a concesión de honras. A súa figura é inviolable e non está suxeita a responsabilidade legal.

2.2. Sistema democrático

Un réxime político democrático é un réxime que **permite a participación política dos cidadáns a través de eleccións libres e respecta os seus dereitos fundamentais**. Democracia deriva da palabra grega *demos* (pobo) e *crateo* (goberno) e significa goberno do pobo para o pobo, entendendo este como o goberno da maioría da poboación do país.

O sistema democrático español baséase no **principio da soberanía nacional**, segundo o cal o poder reside no conxunto do pobo español, que o exerce a través dos seus representantes democraticamente elixidos.

2.3. Estado de Dereito

Un Estado de Dereito é **aquel que está sometido ao “imperio da lei”**. Isto significa que a lei, elaborada polos representantes dos cidadáns, está por riba de todos os individuos, grupos ou institucións.

Esta característica garante a igualdade xurídica e evita os abusos de poder, xa que ningunha autoridade pode actuar contra a Constitución ou as leis vixentes.

2.4. Exercicio do voto

En España está recoñecido o **sufrexio universal: teñen dereito a votar todos os homes e mulleres maiores de idade (18 anos)**. O voto debe ser **libre, directo e secreto**. Ademais do voto activo (dereito a votar), recoñécese o voto pasivo (dereito a presentarse como candidato/a).

Cabe sinalar que un sistema pode ser igualmente democrático con diferentes sistemas electoriais. No caso concreto de España, o noso **sistema electoral é proporcional e baseado en circunscricións provinciais**.

2.5. Pluralismo político

O pluralismo político garante que **diferentes ideoloxías poidan competir de maneira legal e pacífica**. É un elemento clave de calquera democracia, e permite a alternancia no poder.

En España os votantes teñen a opción de elixir entre varias opcións políticas, representadas

polos distintos partidos políticos (PP, PSOE, Vox, Sumar, Podemos, BNG...).

2.6. División de poderes

A división de poderes foi enunciada por Montesquieu, un dos pensadores máis destacados da Ilustración, que sinalou a **existencia dos poderes legislativo, executivo e xudicial**. Este concepto é o que garante o **control mutuo** e o **equilibrio institucional** dentro do Estado. As características dos tres poderes son as seguintes:

- **Legislativo**: encárgase de *elaborar e aprobar as leis e os orzamentos*. Tamén ten a función de elixir ao Presidente do Goberno e controlar a súa actuación. *O poder legislativo reside no Parlamento*, que en España está dividido en dúas cámaras: *o Congreso dos Deputados e o Senado*. Os seus membros son elixidos polos cidadáns cada catro anos nas eleccións xerais.
- **Executivo**: dirixe a *política interior e exterior do Estado* aplicando as leis nos diferentes ámbitos: economía, educación, sanidade, defensa... O poder executivo reside no **Goberno**, *que está formado polo presidente e os ministros*.
- **Xudicial**: *administra xustiza* xulgando aos acusados segundo as leis e sancionando aos que non as cumpren. O poder xudicial *reside nos xuíces e tribunais*, é un poder independente dos outros dous e só está sometido ao imperio da lei.

En España a Constitución establece tamén algúns **organismos de control** da acción dos distintos poderes, como o Tribunal Constitucional ou o Defensor do Pobo.

2.7. Dereitos e liberdades

- **Dereitos individuais**: á vida e á integridade física, liberdades varias (de expresión, de reunión, relixiosa...), igualdade ante a lei, inviolabilidade do domicilio...
- **Dereitos políticos**: dereito de sufraxio (voto), eleccións libres, unha Constitución, pluralidade de partidos políticos...
- **Dereitos económicos e sociais**: dereito ao traballo, á folga, á atención sanitaria, á educación...
- **Dereitos xurídicos**: a unha xustiza imparcial, a contar con recursos xurídicos axeitados, a non ser detido arbitrariamente, dereito dos detidos a non ser sometidos a malos tratos.

3. A organización territorial de España.

Segundo o establecido na Constitución, España é un **Estado descentralizado, organizado territorialmente en tres niveis principais: Comunidades Autónomas, Provincias e Municipios**. O obxectivo deste sistema é achegar a Administración á cidadanía, recoñecendo a diversidade histórica, cultural e xeográfica do país. Cada nivel territorial conta coas súas propias institucións e competencias, coordinadas co Estado central.

3.1. Comunidades Autónomas

A Constitución de 1978 establece a **unidade e a indivisibilidade da nación española**, pero recoñece tamén o dereito das nacionalidades e rexións con características históricas, culturais e económicas comúns a constituírse en Comunidades Autónomas. Co paso do tempo organizáronse **17 Comunidades Autónomas** (Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela - A Mancha, Castela e León, Cataluña, Comunidade Valenciana, Extremadura, Galicia, Madrid, Navarra, País Vasco, Rexión de Murcia e A Rioxa) e **dúas Cidades Autónomas** (Ceuta e Melilla).

A norma básica de cada Comunidade Autónoma é o seu **ESTATUTO DE AUTONOMÍA**, que recolle a denominación da Comunidade, as institucións autonómicas e as súas competencias:

→ **Denominación da Comunidade Autónoma**: o Estatuto recolle o seu nome, o territorio que a forma e os símbolos que a identifican (bandeira, himno, escudo...).

→ **Institucións autonómicas**: hai varias, como o Parlamento autonómico, o Goberno autonómico e o Tribunal Superior de Xustiza de cada Comunidade:

✓ ***Parlamento autonómico***: exerce o poder lexislativo. Aproba as leis que afectan ao seu territorio, aproba os orzamentos e controla ao Goberno autonómico. Os seus membros son elixidos por sufraxio universal cada catro anos (nas eleccións autonómicas) e estes teñen a facultade de elixir ao Presidente do Goberno autonómico.

En Galicia, o Parlamento está situado na capital, Santiago de Compostela, e é popularmente coñecido como “O Hórreo”.

✓ ***Goberno autonómico***: formado polo Presidente e os conselleiros, exerce o poder executivo e a súa función é aplicar as leis aprobadas polo Parlamento autonómico e aquelas nas que comparte competencias co Estado central.

En Galicia este Goberno autonómico recibe a denominación de Xunta de Galicia.

✓ **Tribunal Superior de Xustiza:** é o máximo organismo xudicial de cada Comunidade Autónoma.

→ **Competencias autonómicas:** son aqueles aspectos sobre os que as institucións autonómicas poden legislar ou decidir. Algunhas denomínanse plenas, é dicir, exclusivas da Comunidade Autónoma (a organización das institucións autonómicas, a vivenda, o urbanismo, a sanidade...), mentres que outras están compartidas co Estado centra (a educación, a xestión das estradas, a lexislación laboral...).

Por exemplo, a Xunta de Galicia xestiona o ensino público e privado, a sanidade (a través do SERGAS), e a promoción da cultura galega, entre outras competencias.

O **Estatuto de Autonomía de Galicia**, aprobado en 1981, recoñece a esta Comunidade Autónoma como unha nacionalidade histórica e ten competencias exclusivas en cultura, lingua, patrimonio, pesca, agricultura, ensino do galego...

En cada unha das Comunidades Autónomas de España hai unha figura que representa ao Goberno Central, o **DELEGADO DO GOBERNO**. Encárgase de que se cumpran as leis estatais e é o responsable da seguridade pública, polo que dirixe as forzas de seguridade do Estado dentro da Comunidade Autónoma na que exerce a súa labor.

No caso concreto de Galicia, a Delegación do Goberno está situada na cidade de A Coruña (aínda que non é a capital rexional), e ten subdelegacións nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra). Para exercer a súa labor traballa de maneira coordinada coa Xunta de Galicia e coas forzas de seguridade.

3.2. *Provincias e Municipios*

As **PROVINCIAS** son entidades territoriais que agrupan a varios municipios. O seu goberno corre a cargo das **Deputacións provinciais**, formadas por deputados elixidos á súa vez polos concellos. A función principal da Deputación é xestionar e coordinar servizos comúns a varios municipios que forman a provincia.

Galicia está organizada en catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Debido ás particulares características xeográficas galegas, as Deputacións xogaron un papel moi importante na vertebración territorial e na prestación de servizos ás zonas rurais, de poboamento moi disperso.

Os **MUNICIPIOS** son as **entidades básicas da organización territorial** en España. O territorio que comprende cada municipio, o denominado **termo municipal**, é de extensión variable, e está gobernado polo **Concello**.

O Concello está integrado polo alcalde e os concelleiros, elixidos cada catro anos mediante sufraxio universal (nas eleccións municipais). A súa función é prestrarlle aos cidadáns diversos servizos (planificación da localidade, iluminación pública, recollida de lixo, limpeza das rúas, pavimentación, policía local, transporte público, asistencia social, protección civil...).

Os municipios en España son moi diversos a nivel demográfico e xeográfico, habendo algúns millóns de habitantes e outros que non chegan á decena, algúns moi extensos e outros extremadamente pequenos. Aínda que o número pode modificarse pola creación dalgún ou a fusión de varios, a día de hoxe en España hai un total de 8.132 municipios. De feito, só na Comunidade Autónoma de Galicia existen 313.

OLLO: é necesario saber localizar nun mapa político de España as comunidades autónomas e as provincias. Tes á túa disposición os mapas correspondentes como anexo e noutros formatos tamén na Aula Virtual.

ANEXOS

Mapa de España. Comunidades Autónomas



Mapa de España. Provincias

